



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 99/143

Asunto: Liquidación Orzamento 2018 (Concello de Vigo, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación Convention Bureau e Fundación FAIMEVI)

PROPOSTA

O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, e os pagamentos realizados e os saldos acredores pendentes e pago.
- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento, e para cada un dos conceptos, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, os ingresos recadados netos e os saldos debedores pendentes de cobro.
- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos 191.2 do TRLRFL e 93.2 do R.P, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio:

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Os Remanentes de crédito.
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

A Liquidación do Orzamento do ano 2018, está condicionada polo auto ditado polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra en Vigo de resolución do contrato de concesión de Obra Pública Pazo de Congressos. A adxudicación do contrato foi feita o 6 de marzo de 2006 pola XGL, téndose constituída a mercantil Pazo de Congressos, SA, en escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.

O pagamento da valoración feita polo Concello foi 35.214.920,04 euros fronte aos 74.433.735,62 euros comunicados en data 24 de abril de 2018 polo administrador concursal de Pazo de Congressos.

Da valoración da liquidación comunicada, unha vez deducida a achega pública por unha contía de 28.320.280 euros, resultaría unha contía neta a liquidar de 46.113.4546 euros. A indemnización que resultou supuxo un saldo favorable para os intereses municipais de 10.898.5435,62 euros, resultado da diferenza entre o valor neto do solicitado e a valoración contraditoria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/02/2019 08:56

Páxina 1 de 5

Expediente 99/143

CSV: 27E852-894D48-BC578D-CUMVMD-8UZKYX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 99/143

Esta imputación de gasto extraordinaria, financiada maioritariamente con Remanente Líquido de Tesourería, por unha contía de 22.973.752,04 euros, xerou un desequilibrio puntual no cumprimento das Regras fiscais, polo que será tramitado o preceptivo Plan Económico Financeiro sin medidas, xa que o Orzamento do ano 2019, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión do 26 de decembro do 2018, está en equilibrio e a proxección do mesmo que será a base do PEF, da como resultado que a Liquidación do Orzamento do ano 2019, de cumprimento aos obxectivos fixados en relación coa Estabilidade Orzamentaria e coa Regra de Gasto.

En todo caso, a situación é conxuntural, dunn gasto non recorrente, non proxectable a exercicios futuros, e non se tivo que apelar a concertación de operacións de débeda, sendo posible afrontar a mesma co remanente de tesoureira dispoñible. Facer fronte a esta situación extraordinaria, cos recursos do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, pon de manifesto a necesidade e a prudencia de construír un aforro, que garanta facer fronte a este tipo de situacións sen custe para os cidadás, este é o valor real da xestión, xa que no só houbo capacidade para financiar o pago, senón que o pago material tampouco supuxo unha tensión na liquidez da tesourería, o que permitiu que no mesmo mes que se afrontou o pagamento, tamén si fixesen outros pagos de débeda comercial por 23 millóns de euros nun prazo de 7,4 días.

De acordo ao informe emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal á Liquidación do Orzamento da Entidade Local da Entidade, o seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI que forman parte do perímetro de consolidación, sométase o expediente da Liquidación do Orzamento do ano 2018 á aprobación dá Alcaldía-Presidencia, tal e como o preceptúa o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 90.1 do RP, aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, das que deducen as seguintes magnitudes de interese:

a) Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e do Organismo Autónomo Administrativo XMU (Entes con orzamento limitativo)

XMU		
Remanente Líquido de Tesourería		Resultado Orzamentario
2017	2018	2018
3.283.016,94	4.118.463,68	985.167,38

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2017	2018	2018	2017	2018	2018
91.061.195,67	76.489.706,16	29.236.516,07	94.344.408,64	80.609.468,62	30.221.683,45





b) Estabilidade orzamentaria do grupo

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	-6.609.945,80	2.791.179,96	37.284,40	10.176,38	29.829,43	-3.741.475,63

c) Regra de Gasto (TRCPIB₂₀₁₈ 2,4%) do grupo

Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto computable liquidación 2018 (5)
	Gasto computable Liquid. 2017 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos 2018 (3)	Límite regla de gasto (4)=(2)+(3)	
Fundación Marco	823.266,02	843.024,40	,00	843.024,40	757.094,27
FAIMEVI	360.923,43	369.585,59	,00	369.585,59	12.608,36
Concello de Vigo	201.713.759,81	206.554.890,05	2.348.679,87	208.903.569,92	227.418.307,67
Xerencia Urbanismo	5.068.443,18	5.190.085,82	,00	5.190.085,82	579.169,20
C.Bureau	398.623,57	408.190,54		408.190,54	451.840,64
T. Gasto comput.	208.365.016,01	213.365.776,40	2.348.679,87	215.714.456,27	229.219.020,14

A Fundación Convention Bureau, de acordo á comunicación feita o 28 de decembro de 2019 pola Oficina Nacional de Contabilidade – Clasificación SEC unidades públicas, a Fundación se considera en contabilidade nacional unha unidade institucional pública dependente do Concello de Vigo e se clasifica dentro do sector das Administracións Públicas (S.13). En consecuencia, é o primeiro ano que se inclúe no perímetro de consolidación do Concello.

d) Tesourería

Entidade	XMU
78.469.435,75	11.502.182,60

e) Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo

	Entidade	Consolidado
Cobros Presupuestarios corrente e pechados	248.482.195,03	250.857.688,60
Pagos Presupuestarios corrente e pechados	268.239.117,12	268.096.469,93
Cobros non presupostarios	59.053.145,47	65.862.207,85
Pagos non presupostarios	55.901.647,99	62.617.682,06





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 99/143

f) Aforro Neto

Entidade	Consolidado
30.800.821,26	31.855.019,87

g) Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 e 1040/2017 ano 2018												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril ¹	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	12,16	9,93	7,40
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	-7,96	64,49	109,34	52,96	85,82	58,69	83,31
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	15,75	7,41	26,63
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	8,29	7,63	9,80
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	12,18	9,91	7,48

Endebedamento

% Endebedamento = (Débeda financeira bancaria pendente de amortizar / Dereitos Liquidados por operacións correntes dos estados consolidados)*100

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 242.763.378,95 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2018: 0 euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2018, 0%

Conclusións

Pola imputación ao Orzamento do ano 2018 do auto ditado polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra en Vigo de resolución do contrato de concesión de Obra Pública Pazo de Congressos, a Liquidación orzamentaria do ano 2018, non da cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, nin a Regra de Gasto, afectando a Entidade e aos estados consolidados.

Durante o exercicio, en todos os meses deuse cumprimento a Período Medio de pago, sendo o PMP para o perímetro de consolidación de 12 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014 e 1040/2017, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

1 Cálculo segundo o RD 1040/2017





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 99/143

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería e Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Da Liquidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL.

En cumprimento do previsto no Artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financieiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

O artigo 3 da Lei 2/2012, establece que, entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O desequilibrio producido é conxuntural, tendo causa na Resolución do Concurso de acredores da Sociedade Pazo de Congressos, a entrega do inmovible ao Concello e o pago realizado pola resolución do contrato por imperativo legal.

O PEF que se tramite, ten como finalidade dar cumprimento a devandita obriga formal, aínda que será un plan sen medidas, por estar a esta data, aprobado un Orzamento que da cumprimento aos obxectivos fiscais.

Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA

Jaime Aneiros Pereira

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2019 08:56	Páxina 5 de 5
	Expediente 99/143	CSV: 27E852-894D48-BC578D-CUMVMD-8UZKYX-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		